



BOP

MARTES, 10 DE OUTUBRO DE 2023

N.º 233

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 29 DE SETEMBRO DE 2023 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 15.09.2023 REFERENTE Á CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE ENCARGADO/A INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 15.09.2023 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 219, de data 22.09.2023), resólvese o procedemento selectivo para cubrir, en propiedade, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Encargado/a Instalacións Deportivas, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal laboral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022, propoñendo a contratación laboral fixa de **Don David Rego Cabanas, para ocupar a praza número 3093, denominada Encargado/a Instalacións Deportivas, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 352, vinculado á citada praza.**

Observando erro material no número do posto de traballo vinculado á praza número 3093 de Encargado/a Instalacións Deportivas, considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos” procedese a propoñer a súa corrección do seguinte xeito:

Onde di : “(...)adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 352, vinculado á citada praza”.

Debe dicir: “(...)adxudicándolle o posto de traballo denominado Encargado/a Instalacións Deportivas Entrada número 1832 , vinculado á citada praza”.

Pazo Provincial, 3 de outubro de 2023.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3124

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 10-10-2023
ata a día 23-10-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA